



CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterios consensuados por Xefatura de Estudos e Equipo de Primaria (02/10/2018). Presentados e aprobados na reunión da CCP (27/11/2018), seguindo o establecido na ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

CRITERIOS XERAIS

PROMOCIÓN

- Ao finalizar cada un dos cursos o profesorado do grupo adoptará a decisión sobre a promoción do alumno, tomándose en especial consideración a información e o criterio do titor.
- Accederase ao curso seguinte sempre que se considere que o alumno alcanzou o desenvolvemento correspondente ás competencias básicas e a progresión adecuada dos obxectivos da etapa.
- Así mesmo, promoverase sempre que as aprendizaxes non adquiridas non impidan seguir con aproveitamento o curso posterior. Neste caso a decisión irá sempre acompañada de medidas educativas complementarias, encamiñadas a contribuír a que o alumno acade os obxectivos programados.

NON PROMOCIÓN

- Cando o alumno non cumpra os requisitos sinalados neste documento permanecerá un ano máis no curso. Esta medida só poderá ser adoptada unha vez en toda a Educación Primaria e irá acompañada sempre dun plan específico de reforzo e recuperación e apoio das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer o desenvolvemento correspondente das competencias básicas.
- Cando a decisión adoptada polo equipo docente comporte a non promoción, será responsabilidade do titor informar previamente á familia comunicándolle a natureza das dificultades que presenta o alumno en cuestión e as medidas complementarias que se propoñen adoptar con vistas a emendalas.

CRITERIOS PEDAGÓXICOS A TER EN CONTA

PROMOCIÓN CONDICIONADA

- 1- Se un alumno puidese avanzar, sen necesidade de repetir, aplicándolle un programa de atención individualizado coas medidas ordinarias e extraordinarias.
- 2- Se o nivel de integración do alumno no grupo ao que está adscrito é un factor positivo no desenvolvemento das súas competencias.
- 3- Se o nivel de madurez do alumno, o seu grao de autonomía e responsabilidade, a súa capacidade de aprendizaxe, as súas características físicas... contribúen ao desenvolvemento favorable das competencias básicas.